



CONVOCATORIAS DE PRENSA PARA O XOVES, 5 DE MARZO

09:30 HORAS.– O Presidente da Deputación, José Tomé Roca, asistirá ao Obradoiro Desempregadas, dentro do programa Xira Mulleres, que organiza a Deputación en colaboración coa Fundación Coca Cola.

Centro Cívico –Monforte de Lemos–

12:00 HORAS.– O Deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, participará na xornada informativa Emprende 2020: subvencións e axudas para empresas e emprendedores, organizada pola Federación de Comercio da Mariña.

Edificio CENIMA –Foz–

12:30 HORAS.– O Deputado de Participación Cidadá, Roberto García Pernas, participará na inauguración da xornada de Africor Lugo.

Facultade de Veterinaria –Lugo–

12:30 HORAS.– A Deputada de Formación, Ensino e Economía do Coñecemento, Ana González Abelleira, participará na inauguración da exposición Unha ollada ao mercado laboral, posta en marcha pola Rede TIL e a Asociación de Síndrome de Down.

Corredores da planta baixa –Deputación de Lugo–

13:15 HORAS.– O Presidente da Deputación, José Tomé Roca, a Deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, o Deputado de Recursos Sostibles, Roberto Fernández Rico, e o reitor da Universidade de Santiago de Compostela, Antonio López Díaz, supervisarán as instalacións da Granxa Experimental de Leite de Gayoso Castro. Farán declaracións aos medios de comunicación antes do inicio da visita.

Granxa Gayoso Castro –Castro de Rei–

Lugo, 4 de marzo de 2020